

## BANDO DE ALCALDÍA

Pola presente faise saber a tódolos veciños que o **Padrón da Taxa pola recollida de lixo para o ano 2010** foi aprobado en data 4 de febreiro do presente ano.

**Coma novidade este ano, a recadación do Padrón feita pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña, farase fraccionada en dous recibos semestrais**, nos seguintes períodos ordinarios voluntarios sinalados pola Resolución da Presidencia de data 20 de novembro de 2001:

1. Primeiro semestre: Do 10 de marzo ao 15 de maio, ámbolos dous inclusive.
2. Segundo semestre: Do 15 de setembro ao 20 de novembro, ámbolos dous inclusive.

Poderase face-lo pago nas oficinas das entidades financeiras colaboradoras e Oficinas de Recadación da Excma. Deputación de A Coruña.

Prégaselle aos veciños que sexan suxeitos pasivos da Taxa que estean atentos aos avisos de cobro enviados pola Excma. Deputación nesas datas, e se non os reciben, avísalles que poden obter duplicado nas Oficinas de Recadación da Excma. Deputación de A Coruña e na Casa do Concello.

Igualmente aqueles contribuíntes que domiciliasen o pago, revisen o cargo en conta nas datas previstas, pois de pasar o período voluntario sen facelo pago, podería requírírselles pola vía de constrinximento.

En Oroso a 8 de marzo de 2010

O Alcalde-Presidente

Manuel Mirás Francueira

